



# XUÍZO AOS HUMANOS

OS ANIMAIS  
TOMAN A PALABRA

---

José Antonio Jáuregui

Editado e ampliado por Eduardo Jáuregui

Tradución de Miguel Braña Montaña

XUÍZO AOS  
HUMANOS  
OS ANIMAIS  
TOMAN A PALABRA

José Antonio Jáuregui  
Editado e ampliado por Eduardo Jáuregui

Tradución  
Miguel Braña Montaña

11	Prólogo á edición en galego
13	Nota do editor
17	<b>O tribunal</b>
29	<b>Calumnias</b>
33	A papagaio Chipahuac
43	A mona Wamba
55	O cabrón Turuloff
63	O rato Cheddars
79	<b>Malos tratos</b>
85	O reiseñor Lfu-Yi
97	A porca Jambenoire
113	O gato Pincho
125	A vaca Aum
131	<b>Xenocidio</b>
135	O lobo Branco
151	A mosquito Fi
167	A tartaruga Baía
183	O humano Emilio
191	<b>A sentenza</b>
201	Epílogo
203	Agradecementos
205	Notas
219	Bibliografía

## PRÓLOGO Á EDICIÓN EN GALEGO

Desde a súa publicación, *Juicio a los humanos* deunos numerosas e moi gratas sorpresas a min e a toda a miña familia. Ademais dun considerable éxito editorial en España e América Latina, foi obxecto de varias adaptacións teatrais —unha delas en Inglaterra—, proxectos escolares e traducións a linguas como o coreano ou o turco. Cada unha delas deu nova vida a este último proxecto de meu pai, cuxo pensamento continua así ruxindo, siseando, ladrando e ouveando nas súas diversas versións. Algún día, dime o gato Pincho, chegaremos mesmo a Hollywood.

Namentres, foi unha moi grata sorpresa descubrir que a fábula que ideou meu pai ía ser traducida ao galego, o idioma dunha terra que proporcionou moitas probas sobre a barbarie e tamén sobre a bondade humana e o respecto polo medio. A súa costa protagonizou o drama do Prestige

e a resposta solidaria dos voluntarios que traballaron durante semanas para limpar as praias. O seu mar foi tamén escenario da batalla ecoloxista para deter os buques estranxeiros que chegaban cada verán nos anos sesenta e setenta para botar toneis radioactivos na Fosa Atlántica. Sen dúbida, a cobra Kali e o can Filos terán moito que dicir sobre todo isto.

Por terras galegas deambulan cada ano, a paso de animal, milleiros de persoas de todo o planeta, seguindo a Vía Láctea, de camiño a Santiago de Compostela, para se volver reencontrar co máis esencial do seu ser —o movemento, a respiración, o cambio permanente— e a conexión coa natureza á que pertencen. Incluída a picada da mosquito Fi.

Oxalá este libro inspire nos seus lectores e lectoras algo daquela sabedoría.

EDUARDO JÁUREGUI  
*2017*

© TRIBUNAL

Espertas, mais non na túa cama. Queres apagar a radio — que música infernal é esta?—. Porén, non atopas nin a radio nin a mesa de noite. Non apalpas máis ca follas, terra, estruturas sinuosas de madeira e algo viscoso que prefires non tocar demasiado. E non é música esta cacofonía, senón un coro disonante de voces, voces estrañas, voces non-humanas. Envólvetes un tapiz sonoro de exóticos cantos e irrecoñecibles suspiros, renxidos e grallos, riscado de cando en vez por algún estridente chílo simiesco e cargado dunha humidade cálida, pesada, fragrante de vida e podremia. Estás nunha xungla tropical.

Decátaste de que algo che sobe pola perna, algo que ten patiañas de máis. Desfaste do bicho cun calafrío que termina en couce. Todo o teu corpo está espido, suado, sucio. Abrázaste. Entón advirte que non todo é escuridade, que flotan ante ti dúas pequenas esferas luminosas. Lémbrenche aos ollos dun gato, só que moito, moito máis grandes e feros. Sentes que se che arrepían os pelos da caluga, do lombo, dos brazos, das pernas —un reflexo automático, herdado dos devanceiros dos teus devanceiros—. O terror aos depredadores.

Co pánico, agúzaseche a vista, ou quizais comeza a se coar máis luz entre as follas, porque xa percibes a súa enorme silueta, máis escura ca o resto do bosque, e paréceche ver o resplandor de dentes caninos e poutas.

—Isto é un soño —dis para ti, pero por se acaso comezas, lentamente, a te erguer.

—Grrrr —gruñe o felino, conxelando o teu movemento de vez.

Ficas inmóbil. A silueta tampouco se move, pero cada vez parece tomar máis cor... cres distinguir unha alternancia de peludas franxas claras e escuras nos cantos.

—Grrrrrrrr —volve repetir o tigre, alzando agora un pouco a súa xigantesca cabeza. E desta vez paréceche entreoír, entre a vibración grave do gruñido, unhas palabras carraspeiras—: Crrriatura humana, a sentarrrr.

Obedeces de inmediato. Foi real o que sentiches?

—Grrrrrazas.

Desta vez, non tes dúbida de que o escoitaches. E de que isto é un pesadelo. Vólveste deitar coa intención de durmir e espertar de novo na túa propia cama, coa túa almofada, as túas sabas, as túas catro paredes e as túas persianas.

Mais non che é doado conciliares o sono, nin sequera pechares os ollos, mentres a luz do amencer vai alumeando, a tres metros de ti, a magnífica e alarmante visión dun tigre de Bengala ben esperto. Agora si podes apreciar, en todo o seu esplendor, o manto a raias laranxas, negras e brancas deste gran felino, amontoado aquí e alá en agrandados pregos. Volve pousar a cabeza sobre as poutas dianteiras, mais segue sen deixar de te fitar con eses ollos amarelados.

Tentas concentrarte nos sons da selva. Novamente sorprendeste crendo entender aquí e acolá, entre os berros e chamadas salvaxes, palabras soltas, frases e mesmo retrincoos enteiros de conversa:

—É hoxe! É hoxe!

—Xu... xuuu...

—É hoxe!



- O xu... xuízo.  
—Ti que, ti que...  
—Eu cre..., eu cre...  
—Ti que, ti que crees que lle van facer?  
—Eu cre, eu creeo que o van exterminar!  
—É hoxe! É hoxe!  
—O xu... xuízo.

As mesmas frases repítense seguido, e a cada paso con maior claridade, coma se o teu oído se fose afacendo a estes exóticos acentos.

Namentres, o sol xa penetra en sólidos raios polas fendas do distante teito desta gran caverna viva, espertando os verdes das bóvedas, os marróns das columnas e do chan, os vermellos, amarelos, laranxas e azuis das xoias engarzadas e os espíritos ceibos: flores, fungos, escaravellos, ras, bolboretas, serpes, aves.

De súpeto, soa unha chamada distante, coma unha trompeta, ou máis ben unha trompa de elefante trompeteando no corazón da selva:

—Farruuuuk!

As orellas do teu garda felino entesan. Á primeira trompa sumáselle outra, e despois outra e outra máis, coma unha serie de claríns a seguiren unha partitura perfectamente ensaiada. Os berros dos paxaros vólvense agora frenéticos e mudan o ton:

—Xa é! Xa é!

—O xuízo!

O gran tigre de Bengala, lenta e deliberadamente, érguese sobre as patas dianteiras, amósache un sorriso cheo de coitelas brancas e roxe suavemente:

—Grrrr... arrrrriba!

Antes de que termine o ruxido, xa estás en pé a camiñar.

# CALUMNIAS

A cobra Kali serpea paseniño cara ao centro do estrado sobre a parte inferior do corpo. As súas pupilas verdes e reptilianas percorren con satisfacción o público reunido.

—Con licenza, sssseñoría —asubía, cunha reverencia da súa cabeza encapuzada, e despois dirxese ao público—. O ressssspecto mutuo, distinguidos membros do Reino Animal, é a chave da convivencia. Na loita polo ssssustento, as distintas essssssspecies podemos competir unhas coas outras polos mesmos recursos, ou mesmo nos podemos cazar e defender con poutas e venenos, mais ssssempre respectamos e xogamos ao xogo existencial con deportividade, protexendo a dignidade propia e allea.

»A esssssspecie humana violou esta lei. Coas súas palabras, as súas crenzas e os seus mitos calumnia os Señores do Ar, os nobres Habitantes da Auga e as honorables Criaturas da Terra. Voulle fornecer a este tribunal probas fidedignas da amplitude e gravidade deste antiquíssssimo e aldraxante costume difamatorio.

»Como sssssanción punitiva, recomendo aplicarlle un castigo exemplar e edificante, unha humillación sssssimbólica ao ser humano. Propoño que, durante nove soles e nove lúas, as aves de todo o planeta se dediquen a lixar co seu excremento todos os humanos que asomen a cabeza, dirixindo os seus residuos orgánicos coa súa máxima puntaría á ssssoberbia humana.

Os paxaros no ar e nas árbores da xungla dan en chilar, chirlar e pirlar con emocionada anticipación, e escóitanse numerosos risos e divertidos orneos entre o resto dos animais reunidos. Mesmo notas ao fondo, no mar, os estalos dos delfíns e algún que outro disparo de auga das baleas que, evidentemente, tamén seguen o progreso do xuízo desde a auga. Kali lambe os beizos coa súa veloz e viperina lingua ante o evidente éxito da súa proposta.

—Comecemossssss. Como primeira testemuña do xuízo, chamo a papagaio Chipahuac.

## A PAPAGAIO CHIPAHUAC

Sorpréndete case de inmediato unha algarada multicolor sobre a túa cabeza, que plana cara a unha das rochas máis grandes do estrado. Ao se pousar, decátaste de que é unha papagaio de case un metro de longo, unha guacamaia de plumaxe vermella coa cara branca, as ás amarelas e azuis, e unha longa cola esmeralda. Abre o seu gran bico ganchudo e anuncia a súa presenza:

—Guac! Guac!

Kali aproxímase á testemuña acompañada do amplo zig-zagueo das súas escamentas curvas.

—Disssstinguida señora Chipahuac, como está esta mañá?

—Estou ben, estou moi ben —responde a guacamaia coa voz nasal típica da súa especie.

—Procedamossss entón co interrogatorio. Ssssson abondo coñecidos os insultos cos que o ser humano vilipendia os demais membros do Reino Animal. Emporissso, aquí debemos levantar acta dos feitossss e recompilar testemuños. Vostede, neste sentido, é unha auténtica experta...

—Unha experta, si, unha experta. Nas miñas sesenta e sete primaveras coñecín miles de criaturas humanas. Estou segura de que poucos animais, de terra, mar ou ar, coñeceron tantas coma min, visitantes de Tikal.

—Das ruínasss da antiga cidade humana de Tikal, na que vosstede reside?

## XUIZO AOS HUMANOS

---

Os animais do planeta Terra reúnen-se na selva para celebrar un xuízo extraordinario. Acusan o ser humano de crimes atroces: calumnias, maos tratos e xenocidio. A fiscal, a cobra Kali, e o avogado defensor, o can Filos, exporán os seus argumentos e chamarán diversas testemuñas. É realmente o *Homo sapiens* unha ameaza para a vida terrestre, unha especie arrogante, cruel e asasina que non merece a liberdade que os seus xenes lle outorgan? Ou pode aínda redimirse perante o resto dos animais? Chegou a hora de se enfrontar á Lei da xungla.

Inclúe un novo prólogo de Eduardo Jáuregui específico para a edición galega.

  
catroventos  
EDITORA



ECOLOXÍA



CONSUMO  
RESPONSABLE

ISBN 978-84-945917-3-0



9 788494 591730